



## DISCURSO DE ALCALDE DE SANTIAGO NO ACTO DE CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA IRMANDADE DA FALA DE SANTIAGO

Boa tarde, a todas e todos.

Prometo ser breve, mais correspóndeme a min como alcalde dirixirvos unhas palabras nunha data tan especial como esta. Nun centenario tan importante como o que hoxe conmemoramos.

Quero aproveitar para agradecervos a todas e todos a vosa asistencia, que nos acompañedes neste acto tan fermoso. Espero que teñades desfrutado de toda a xornada e que desfrutedes dos actos que aínda temos agora á noite.

Quero agradecer tamén a todas as persoas que colaboran hoxe, neste e nos diferentes eventos que temos desenvolvido desde a mañá e durante toda a tarde. Tamén á equipa de técnicos, tanto aos da casa como aos de fora, por conseguir artellar unha xornada que ben seguro ficará na nosa memoria colectiva.

E non é para menos. A ocasión ben o merece.

Teño que confesarvos que me sinto moi afortunado. Aquí, nesta igrexa de Bonaval, con Castelao e con Rosalía de testemuñas, e celebrando o centenario das irmandades. Para os que, coma min, nos definimos como 'galegos de nación' non pode existir marco mais solemne para unha celebración tan emotiva e tan simbólica.

É e que celebramos un auténtico nacemento. Teño a certeza de que sen as 'irmandades' o país non existiría tal e como o coñecemos hoxe. Nen pola banda dereita, nen pola banda esquerda. Estou seguro.

O de 1916 é un ano que está marcado fortemente na Historia de Galiza. É un punto de transición ao mesmo tempo que un punto de partida.

É nese ano no que asistimos ao inicio dunha visión do país autocentrada e autoreferenciada. Homes e mulleres que tiveron a valentía de querer mudar o guión que desde os centros do poder tiñan escrito para esta terra.

Quixeron imaxinar outros xeitos de concibir a nosa colectividade. Quixeron escribir un roteiro diferente para os seus iguais. Imaxinaron un país distinto ao que desde Madrid tiñan deseñado. Foron valentes, moi valentes e audaces.

É nese ano, cando eles e elas, os e as discrepantes aceleran o seu discurso. Herdeiras de todo o que viña acontecendo na segunda metade do XIX e aqueles primeiros anos do XX, as 'irmandades' nacen como disidentes.

Constitúense como a punta de lanza deses sectores galegos que se mostran diverxentes e contrarios á asimilación política e cultural que se tiña predeseñado desde a Corte durante as décadas anteriores.

A construción do estado liberal español encontra neles unha trincheira de dignidade colectiva, da estima polo propio, de vontade de construír un país pleno.

Constitúense como bos e xenerosos. A todas e todos eles debemoslles ser tal e como somos hoxe. Cen anos despois.

Compre recoñecer que o motor desta xénese nacional é a lingua. Non hai dúbida: o galego, a maior creación colectiva do noso pobo é o grande catalizador. Reivindicar a dignidade para a lingua galega é a característica principal das primeiras 'Irmandades da Fala' que nacen nese mes de maio de 1916 e que rapidamente se estenderían por toda a nosa xeografía.

Este amor pola lingua logo se transformará nun amor polo país e polas súas xentes. Logo se transformará nunha alternativa de reivindicación política que procurou un outro destino para Galiza.

Compostela, a nosa cidade, xogou un papel importante en todo este proceso. Sentímonos orgullosos e orgullosas de que Santiago fose un dos lugares precursores e motor do movemento.

A Irmandade da Fala santiaguesa é a segunda que se constitúe en toda Galiza. Só dez días despois da súa homóloga coruñesa e cunha íntima conexión entre ambas.

Un domingo 28 de maio de 1916 celebrouse a súa reunión fundacional. Tal día como hoxe, hai xusto 100 anos.

Unha primeira xuntanza que estivo presidada, ademais, por un home que era edil da Corporación compostelá. Estou a falar do avogado e concelleiro 'agrario', Lois Porteiro Garea.

El foi un dos protagonistas daquela xuntanza que no salón do Círculo Católico de Obreros deu pé á constitución da 'irmandade' de Santiago.

Durante toda a xornada de hoxe quixemos celebralo, especialmente, e facerlle un recoñecemento que tamén continuará durante o ano coa edición dun caderno e coa instalación dunha placa conmemorativa.

Tamén reproducimos en fac-simil o seu discurso naquel acto de hai cen anos. Un texto que esperamos vos resulte tan interesante como a nós. Con certeza que si.

Porteiro foi o 'conselleiro primeiro' daquela directiva inicial da que tamén facían parte destacados membros da sociedade compostelá da época como Salvador Cabeza de León, catedrático de dereito, Miguel Gil Casares, Victoriano Taibo ou, o líder obreiro, José Pasín.

O concelleiro compostelán, foi un dos maiores teóricos deste nacente galeguismo político, trasmutado en nacionalismo. Ademais, contaba cunha avanzada visión lingüística e social. De fundamentos ideolóxicos profundamente progresistas tamén foi un firme defensor dos dereitos das mulleres.

O seu pensamento situábase moi por diante da maioría dos seus compañeiros de movemento e época.

Ademais de teórico, Porteiro Garea, foi fundamentalmente un activista, xa desde os tempos de líder estudantil. Como profesor de dereito administrativo na Universidade de Santiago pronunciou o primeiro discurso en galego.

Como académico estudou o sistema parlamentario español e as súas redes caciquís. A súa presenza era habitual nos xornais da época, tribuna desde a que atacaba os principais problemas daquela Galiza que nacía ao albor do século XX.

Como podedes observar no fac-simil, o seu discurso divídese en 12 puntos que funcionaran como discurso fundacional da Irmandade. Estamos diante dun texto que necesita lerse pausadamente e situándoo no contexto da época para poder interpretalo correctamente.

Un discurso dos mais avanzados da época no que fala de lingua máis onde se centra, tamén, na economía, na cultura e naquelas oustras necesidades que el considera fundamentais para analizar e diagnosticar correctamente Galiza.

No primeiro dos puntos preséntase como un neofalante, como unha persoa que nunca foi educada na lingua do seu pobo. Preséntase como un activista que desexa recuperar a fala, dignificala e construír un movemento social que traballe por logralo.

Un discurso cargado de forza que non pretende procurar axentes externos aos que culpar dos problemas galegos senón confiar nas capacidade do país para resolvelos.

A súa, é unha visión optimista en tempos de crise.

Fai propostas para avanzar colectivamente, sempre e cando, Galiza, fose capaz de recoñecerse, de impulsar un ambicioso proxecto de modernización económica, de conseguir novas e mellores infraestruturas, de consolidar a súa visión no mundo e marcar unha axenda exterior propia, etc.

Así de actual semella este discurso, aínda que teña xa cen anos.

Despídome xa, reiterando o agradecemento meu, como alcalde, e toda a corporación do Concello de Santiago, que aquí represento.

Aprendamos de Porteiro e das irmandades e tal e como di o noso himno, que interpretaremos para concluir o evento: Os tempos son chegados.